

Desde o proxecto RedeXiana2, e co deseño das actuacións de implementación de itinerarios de inserción, preténdese facilitar o conxunto de competencias persoais e profesionais con significación para a inserción laboral, que poderán ser adquiridas tanto mediante formación modular ou por unidades de competencia (*formación específica ocupacional básica*) ou outros tipos de formación (*formación específica ocupacional para a obtención de certificados de nivel 1 e/ou 2*), así como a través da experiencia laboral (*prácticas profesionais en empresas*).

O programa de accións formativas contempladas nos diferentes itinerarios apoia-se nos principios básicos do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional e do Instituto Galego das Cualificacións, que establecen os certificados de profesionalidade vixentes.

Por outro lado, ademais da formación teórico-práctica e cas prácticas profesionais non laborais en empresa, o proxecto facilita e apoia a obtención de certificados de profesionalidade a través de accións programadas tanto individuais como colectivas de información e formación para as diferentes modalidades de acceso ao certificado correspondente: desde a explicación dos procedementos de titorización e colaboración na creación do expediente persoal a enviar ás comisións de valoración, a capacitación para superar probas teórico-prácticas, ao fomento do acceso a través do recoñecemento da experiencia profesional (procedemento que se pode consultar nas seguintes páxinas) e a permanente información acerca das convocatorias para a súa obtención.

A formación específica programada e deseñada en base ás necesidades detectadas e demandas formuladas, mantén uns recorridos en cada área formativa e segundo os certificados de profesionalidade correspondentes que poden ser consultados en Itinerarios personalizados para á Inserción Laboral e o **Catálogo de Acciones Formativas** do proxecto

A continuación desta páxina tes a información contida no Tarxetón Informativo do Procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral e podes ampliar a información na web: <http://traballo.xunta.es/portada-reconecemento-experiencia-profesional>

RECOÑECEMENTO EXPERIENCIA PROFESIONAL



¿Para que é o recoñecemento?

Para que as persoas que teñen experiencia e/ou formación non oficial, a través dun proceso de asesoramento e avaliación, poidan obter unha **acreditación oficial**, de ámbito **estatal**, con efectos:

- **Profesionais:** acceso e promoción no emprego, e
- **Académicos:** validación de módulos da FP inicial e/ou da FP para o emprego (desempregados e ocupados).

¿Quen pode obter o recoñecemento?

- As persoas con **experiencia laboral:** polo menos 3 anos, cun mínimo de 2.000 horas traballadas en total, nos últimos 10 anos; e/ou
- As persoas con **formación non formal:** polo menos 300 horas, nos últimos 10 anos. Cando os módulos teñan unha duración inferior, a duración que se estableza nos módulos.

¿Como obter o recoñecemento?

É necesario **inscribirse** no procedemento de recoñecemento da competencia profesional:

Tras a publicación da **convocatoria** no DOG e no BOE, as persoas interesadas deberán **presentar solicitude**, no prazo indicado, acompañada do seu currículo (modelo europeo) e toda **documentación xustificativa** da súa experiencia e/ou formación.

Poderán presentar esta documentación en calquera oficina de rexistro da Xunta de Galicia, do Portelo Único ou por calquera das formas previstas na Lei de procedemento administrativo.

Fases do procedemento de recoñecemento da competencia profesional

ASESORAMENTO

Fin: Axudarlles ás persoas a autoavaliar a súa competencia e completar o seu historial profesional e formativo.

Como: Haberá unha reunión grupal e entrevistas individuais.

A quen: Ás persoas que fosen admitidas no procedemento.

Por quen: Un asesor, que será un experto profesional ou docente na materia.

Onde: Nos centros que se indicarán na convocatoria.

Resultado: O asesor proporcionarlle a cada persoa un informe orientativo e, de ser o caso, un plan de formación.

AVALIACIÓN

Fin: Comprobar a competencia profesional das persoas.

Como: A través de distintos métodos e actividades de avaliación, que poderán ser: entrevistas profesionais, simulacións, probas de competencia, observación no posto de traballo, etc.

A quen: Ás persoas que, tras o asesoramento, decidan pasar á fase de avaliación.

Por quen: Unha comisión de avaliación, de polo menos 5 persoas, expertos profesionais ou docentes na materia.

Onde: Nos centros de formación ou empresas que se determinen.

Resultado: A comisión comunicarlle a cada candidato os resultados da avaliación (competencia demostrada ou non demostrada) e un plan de formación.

ACREDITACIÓN

Fin: Recoñecer, mediante un documento oficial, os coñecementos e capacidades das persoas.

Como: A Administración expediralle a cada persoa unha acreditación parcial acumulable da/s unidade/s de competencia superadas.

A quen: Ás persoas que obtiveron avaliación positiva.

Por quen: Por parte das consellerías de Traballo e Benestar e de Educación e Ordenación Universitaria.

Resultado: Acreditación das unidades de competencia e posibilidade de completar un certificado de profesionalidade e/ou un título de FP.

ONDE OBTEN INFORMACIÓN e ORIENTACIÓN xeral sobre o procedemento: fases, requisitos, documentación, calendarios, sedes, etc.

- Nas **oficinas de emprego** do Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Nos **centros integrados** de Formación Profesional e nos centros de referencia nacional.
- Nos **centros propios da Consellería** de Traballo e Benestar e nos centros públicos de Formación Profesional da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar: <http://traballoebenestar.xunta.es>
- No **Instituto Galego das Cualificacións**, tel.: 981 546 840.